

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2026/10	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de febreiro de 2026
Duración	Dende as 14:02 ata as 14:39 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	David García Lareo (Decreto 2026-0047)
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 20.02.2026****Concello de Silleda**

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

Favorable**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 20 de febreiro de 2026.

Expediente 313/2026. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 26 de febreiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha persoa usuaria de Servizos Sociais que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo do traslado de Silleda á residencia da súa filla, sita noutro concello.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento dunha factura por traslado.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Santiago López Fernández , correspondendo coa factura número INV-2026-000012 por un importe de 120,01 €.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 314/2026. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 26 de febreiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha persoa usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo da adquisición de produtos básicos de alimentación.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento dunha factura de alimentación e produtos de hixiene.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Vego Supermercados S.A.U. , correspondendo coa factura número 02000014 por un importe de 49,57 €.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 1936/2025. Arrendamento de instalacións da Fundación do Campo Galego

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Concello de Silleda é beneficiario dunha subvención da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte, por importe de 445.092,89 €, ao abeiro da ORDE do 10 de abril de 2025 (DOG núm. 75, do 21 de abril) pola que se establecen os criterios de distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado a investimentos estratéxicos en infraestruturas municipais, previsto na letra i) do artigo 60.4 da Lei de Orzamentos Xerais de Galicia para 2025 (código PR486E).

Dita axuda está destinada a cofinanciar o proxecto municipal “Rehabilitación e mellora da accesibilidade da Escola de Música Municipal de Silleda”, cun investimento total previsto de 890.185,78 €.

A resolución autonómica establece prazos de execución extremadamente reducidos, obrigando ao Concello a iniciar as obras de maneira inmediata para cumprir os requisitos de execución e xustificación.

Tal circunstancia fai incompatible o uso habitual do inmobile municipal durante o período de execución, pois as obras afectan a cubertas, fachadas, instalación eléctrica, reorganización interior, creación dun novo módulo accesible, instalación de ascensor, actuacións acústicas e renovación integral de pavimentos e carpintarías.

Estas intervención, impiden a presenza de alumnado e persoal, comprometen a seguridade, e fan materialmente imposible o desenvolvemento lectivo. Ademais, o traslado debe ser inmediato pola necesidade de aproveitar o período non lectivo das festas do Nadal, co fin de afectar o menos posible á programación formativa.

Analizadas as opcións dispoñibles no termo municipal, conclúese que non existen instalacións municipais alternativas cunha superficie, compartimentación e condicións adecuadas, nin posibilidades de adaptación noutros edificios públicos sen obras que, de facto, impedirían

igualmente os prazos de execución do proxecto principal.

Por contra, a Fundación do Campo Galego dispón dun complexo xa construído e operativo, que reúne capacidade dimensional, accesibilidade, seguridade, condicións acústicas e configuración espacial para acoller toda a actividade da Escola.

Este inmovble sitúase ademais nas proximidades da actual escola de Música, evitando desprazamentos e garantindo proximidade ás familias usuarias.

A Fundación do Campo pon a disposición do Concello as seguintes dependencias (ANEXO 1):

- Auditorio principal: 633 m²
- Hall de acceso: 205 m²
- Cafetería (zona de tránsito): 276 m²
- Sala 1: 135 m² (aforo 150 persoas)
- Sala 2: 135 m² (aforo 150 persoas)
- Sala 3: 36 m² (aforo 30 persoas)
- Sala 4: 54 m² (aforo 50 persoas)
- Sala 5: 33 m² (aforo 30 persoas)
- Sala 6: 32 m² (aforo 30 persoas)
- Dous camerinos, destinados a aulas individuais.
- Servizos hixiénicos con capacidade suficiente e itinerarios accesibles.

Total aproximado de superficie útil: 1.434 m².

Valorados estes espazos pola dirección da Escola de Música Municipal, e unha vez analizadas as súas dimensións, características funcionais, condicións de uso educativo e necesidades derivadas da organización docente e das agrupacións musicais, infórmase que resultan plenamente viables para acoller a actividade ordinaria do centro mentres duren as obras de rehabilitación.

A dirección comunica que, atendendo ás capacidades, superficie dispoñible e posibilidade de compartimentación funcional, o seu uso provisional podería distribuírse do seguinte modo:

As Salas 1 e 2, polas súas dimensións e capacidade, destínanse ás materias de carácter colectivo: linguaxe musical, danza e Música en Familia, así como ao desenvolvemento de actividades que requiran espazo amplo, movemento e metodoloxía participativa.

As Salas 3, 4, 5 e 6, xunto cos dous camerinos habilitados como aulas individuais, asignaranse á docencia instrumental en pequenos grupos, clases de especialidade, ensaios por seccións e traballo técnico individual.

O Auditorio principal, pola súa configuración volumétrica, superficie e acústica, utilizarase para os

ensaios xerais das agrupacións municipais, audicións didácticas internas, preparación de repertorio colectivo e actividades que requiran ampla capacidade.

O espazo da cafetería empregarase como zona de paso, tránsito, coordinación e espera, servindo de área de regulación de accesos, organización dos grupos e movemento ordenado do alumnado ao longo da actividade.

A dirección do centro considera que esta distribución garante, a continuidade da programación formativa, a atención plena ao alumnado, o funcionamento simultáneo das especialidades instrumentais, e as condicións adecuadas para os ensaios das agrupacións municipais.

En consecuencia, os espazos da Fundación do Campo Galego son plenamente idóneos e suficientes para o desenvolvemento provisional das actividades da Escola de Música Municipal de Silleda, sen que se produza merma na calidade docente nin alteración significativa na organización ordinaria do servizo público.

O traslado provisional resulta indispensable, porque a ocupación do edificio municipal é imposible durante as obras. É tamén proporcionado, porque o uso é temporal e limitado ao período de execución; e resulta ademais viable, porque as instalacións permiten desenvolver toda a programación anual.

No marco das conversas mantidas coa Fundación do Campo Galego para valorar a viabilidade do uso temporal das instalacións, esta entidade trasladou ao Concello unha proposta económica consistente nun importe anual de 10.000,00 € máis o IVE legalmente aplicable, para o uso dos espazos descritos na memoria durante o período estimado das obras, fixado nun máximo de 12 meses, atendendo á superficie total dispoñible (1.434 m²), número de salas, capacidade das mesmas, características funcionais, accesibilidade, condicións acústicas e configuración espacial adecuada para o uso educativo e musical.

A proposta económica axústase, así mesmo, á natureza temporal e extraordinaria da medida e resulta plenamente asumible no marco orzamentario municipal.

Ante dita necesidade esta alcaldía acordou o inicio do expediente de aluguer por adxudicación directa, tralo que se emitiron os correspondentes informes, constando informe técnico de valoración emitido polo SAIM, e informes xurídicos do SAIM e do propio Concello, así como informe de Intervención.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente para o arrendamento directo.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente por importe de 12.100 €,

TERCEIRO.- Aprobar o texto do contrato que se recolle como Anexo a este acordo.

CUARTO.- Solicitar á persoa titular do ben a documentación que acredite a súa plena disposición do ben que se pretende arrendar xunto coa aceptación expresa do prezo.

QUINTO.- Comunicar o acordado ós interesados.

SEXTO.- Dar conta ó Pleno na próxima sesión que se celebre.

Anexo:

“CONTRATO DE ARRENDAMENTO DE INMOBLE

ENTRE:

Dunha parte, o **Concello de Silleda**, representado para este acto pola alcaldesa-presidenta D^a Paula Fernández Pena, no exercicio das competencias atribuídas pola lexislación vixente.

E doutra parte, a **Fundación do Campo Galego**, con CIF G94165255 e domicilio conforme ao Rexistro de Fundacións de Galicia, representada neste acto polo seu presidente LUIS SEOANE LABANDEIRA , con NIF 33*****

EXPONEN:

1.- Que o Concello de Silleda é titular do servizo público esencial da Escola de Música Municipal, e que é preciso trasladar temporalmente dita actividade debido ás obras de rehabilitación do edificio onde actualmente se presta o servizo.

2.- Que a Fundación do Campo Galego conta con título suficiente para a posta a disposición de varios dos espacíos sitos no edificio de Auditorio da Semana verde cunha superficie de 1.434 m² , ao abeiro do convenio de cesión do 24 de abril de 2018 e das súas posteriores adendas, incluída aquela que habilita expresamente a cesión ou subarrendamento ao Concello de Silleda para o seu uso provisional pola Escola de Música Municipal. Os citados espazos reúnen as condicións idóneas para acoller de forma provisional a actividade formativa da Escola de Música.

3.- Que ambas partes consideran conveniente formalizar o presente contrato de arrendamento conforme aos termos acordados.

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto do contrato Constitúe o obxecto deste contrato o arrendamento temporal, polo prazo de un (1) ano, das seguintes instalacións da Fundación do Campo Galego:

Auditorio principal: 633 m²

Hall de acceso: 205 m²

Cafetería (zona de tránsito): 276 m²

Sala 1: 135 m² (aforo 150 persoas)

Sala 2: 135 m² (aforo 150 persoas)

Sala 3: 36 m² (aforo 30 persoas)

Sala 4: 54 m² (aforo 50 persoas)

Sala 5: 33 m² (aforo 30 persoas)

Sala 6: 32 m² (aforo 30 persoas)

Dous camerinos, destinados a aulas individuais.

Servizos hixiénicos con capacidade suficiente e itinerarios accesibles.

Estes espazos destinaranse exclusivamente ao funcionamento provisional da Escola de Música Municipal durante o tempo que duren as obras de rehabilitación do edificio principal.

Segunda. Estado do inmovible O inmovible entrégase en perfecto estado de uso e funcionamento, adaptado aos requisitos da actividade docente musical, segundo consta nos informes técnicos e na memoria xustificativa.

Terceira. Prezo de arrendamento O prezo é de **10.000 euros anuais (máis 2.100 de IVE, cun total de 12.100 euros)**, a aboar en pagamentos mensuais de 1.008,33 €, mediante transferencia bancaria.

Cuarta. Duración do contrato A duración será dun ano. Dado que o Concello de Silleda ocupa xa as instalacións dende o 1 de xaneiro de 2026 o contrato durará dende dita data ata o 31 de decembro de 2026. Poderá prorrogarse por períodos mensuais previo acordo expreso por escrito polo tempo indispensable derivado das obras de rehabilitación da escola de música.

Quinta. Fianza Non se constituirá fianza, en aplicación do artigo 36.6 da Lei de Arrendamentos Urbanos, por tratarse dunha administración pública.

Sexta. Uso e destino O inmovible será destinado exclusivamente á prestación do servizo da Escola de Música Municipal. Non se permitirá o subarrendamento nin cesión sen autorización expresa.

Sétima. Conservación e mantemento Corresponderá ao Concello o mantemento ordinario, limpeza e reposición dos bens mobles utilizados. As reparacións estruturais e de instalacións serán por conta da Fundación.

Oitava. Seguro e responsabilidade O Concello contratará un seguro de responsabilidade civil durante a vixencia do contrato que cubra os riscos derivados do uso das instalacións.

Novena. Acta de entrega. Se toma como data de entrega efectiva o 1 de xaneiro de 2026.

Décima. Facturación A Fundación emitirá factura mensual pola renda pactada e por mensualidades vencidas.

Aos efectos da presentación da factura electrónica de conformidade coa Lei 25/2013 de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público comunicamos o seguinte:

O Concello de SILLEDA co CIF P-3605200-I está adherido ao FACe cos seguintes códigos:

- L01360524 INTERVENCIÓN (Oficina Contable)
- L01360524 ALCALDÍA (Órgano Xestor)
- L01360524 CENTROS XESTORES (Unidade Tramitadora)

Nº expediente: G1936/2025.

Trala sinatura do contrato se emitiran as facturas correspondentes aos meses xa transcorridos.

Undécima. Resolución do contrato Poderá resolverse por mutuo acordo ou por incumprimento das obrigas. Tamén por finalización das obras que motiven o uso provisional.

Duodécima. Leis aplicables Este contrato rexerá pola Lei 33/2003, Lei 6/2023 de Galicia, Lei 29/1994, e demais normativa aplicable.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente contrato por duplicado exemplar, en Silleda, na data que se indique na acta de entrega.

Asdo. Paula Fernández Pena
ALCALDESA

Asdo. Luis Seoane Labandeira
Presidente Fundación do Campo Galego"

Expediente 428/2025. Contratacións. SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E MELLORA DE PARQUES E XARDÍNS DO CONCELLO DE SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe de necesidade no que se propón a contratación dunha empresa para a prestación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arborado do Concello de Silleda, por carecer de persoal propio que poida facerse cargo da realización daqueles traballos que permitan manter un nivel de calidade suficiente para o goce dos veciños das zonas verdes das que dispoñemos.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de abril de 2025 no que se daba inicio ó expediente de contratación.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán esta contratación.

Visto o informe xurídico de Secretaría asinado o 20 de xuño de 2025.

Visto o informe de Intervención asinado o 20 de xuño de 2025.

Visto o documento AD de data 23 de febreiro de 2026.

Vista a aprobación do expediente de contratación e a licitación pública realizada que conclúe na

Concello de Silleda

acta final da mesa de contratación que se transcribe a continuación:

“EXPEDIENTE: 428/2025

ASUNTO: CONTRATO DE SERVICIOS DENOMINADO “SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E MELLORA DE PARQUES E XARDÍNS DO CONCELLO DE SILLEDA”.

Na casa consistorial do Concello de Silleda, a 20 de febreiro de 2026 cando son as 14:00 horas,

Tipo de contrato: Contrato de servizos.

Forma de adxudicación: Procedemento aberto.

Obxecto do contrato: “SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E MELLORA DE PARQUES E XARDÍNS DO CONCELLO DE SILLEDA”.

Membros asistentes:

PRESIDENTE

Dna. Paula M^a Fernández Pena, Alcaldesa, que se abstén de calquera tipo de decisión no referente á licitación por formar parte do órgano de contratación, deixando a decisión da mesa en criterios exclusivamente técnicos.

VOCAIS

D. David García Lareo, actuando como secretario accidental, en sustitución de Dna. Déborah García Suárez, secretaria da Corporación.

D. Leopoldo Moure Dopico., interventor da Corporación.

D. Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL da Corporación.

SECRETARIO

D. Julio Méndez Castro, funcionario da Corporación, que actúa como secretario da mesa.

A Mesa de contratación, debidamente constituída, declaraba admitida provisionalmente a seguinte proposición:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
COREGAL PARQUES E XARDÍNS, S. L.	B15731797

*Ao non formularse ningunha reclamación, procedeuse á apertura do “**SOBRE A**”, que contiña a DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS.*

*Unha vez cualificada a documentación que o licitador aporta no “**SOBRE A**”, non se observan defectos, polo que a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros declaraba ADMITIDA á licitación a seguinte proposición:*

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
COREGAL PARQUES E XARDÍNS, S. L.	B15731797

Posteriormente procédese á apertura do **SOBRE B “OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUIZO DE VALOR”** e acórdase remitir a documentación ó Arquitecto municipal, Don Lino Manuel Doporto Framil, a fin de que sexa emitido informe coa valoración correspondente.

O 06 de agosto de 2025, Don Lino Manuel Doporto Framil, Arquitecto do Concello de Silleda, realiza informe de avaliación dos criterios suxeitos a xuízos de valor que corrixe o 19 de xaneiro de 2026. As conclusións sobre as puntuacións que se recollen no informe son as seguintes:

- A) ORGANIZACIÓN XERAL:** “a calidade do epígrafe “Organización xeral” é boa: o estudo e proposta é detallado e propóñense medidas de actuacións precisas. Correspóndelle, por tanto, a seguinte puntuación:

Epígrafe	Máximo de puntos	Cualificación	x/1	Puntos
a) Organización xeral	10	boa	0,75	7,5

...”

- B) PERSOAL PROPOSTO:** “a calidade do epígrafe “Persoal proposto” é boa: o estudo e proposta é detallado e propóñense medidas de actuacións precisas. Correspóndelle, por tanto, a seguinte puntuación:

Epígrafe	Máximo de puntos	Cualificación	x/1	Puntos
b) Persoal proposto	15	boa	0,75	11,25

...”

- C) MEDIOS MECÁNICOS, VEHÍCULOS, MEDIOS AUXILIARES E MAQUINARIA:** “a calidade do epígrafe “Medios mecánicos, vehículos, medios auxiliares e maquinaria” é regular: limitase a un mero estudo do elemento e realízanse achegas de actuación escasas e pouco precisas.

Epígrafe	Máximo de puntos	Cualificación	x/1	Puntos
c) Medios mecánicos, vehículos, medios auxiliares y maquinaria	10	regular	0,5	5,00

...”

- D) INSTALACIÓNS FIXAS E INFRAESTRUTURAS:** “a calidade do epígrafe “Instalacións fixas e infraestruturas” é moi mala: non se melloran ningún dos aspectos para valorar por encima dos mínimos esixidos na documentación técnica que define o obxecto do contrato. Non se aporta moitos dos datos a valorar.

Epígrafe	Máximo de	Cualificación	x/1	Puntos
----------	-----------	---------------	-----	--------

	puntos			
d) Instalacións fixas e infraestruturas	5	Moi mala	0,0	0,00

...

E) PLAN SOCIAL DE EXECUCIÓN DO CONTRATO: “a calidade do epígrafe “Plan social de execución do contrato” é boa: realízase un estudo detallado do aspecto en cuestión e propónse medidas de actuación adecuadas, precisas, ben definidas e/ou innovadoras.

Epígrafe	Máximo de puntos	Cualificación	x/1	Puntos
e) Plan social de execución do contrato	2	Boa	0,75	1,50

...

F) PLAN DE EXECUCIÓN AMBIENTAL: “a calidade do epígrafe “Plan de execución ambiental” é moi mala: non se melloran ningún dos aspectos para valorar por encima dos mínimos esixidos na documentación técnica que define o obxecto do contrato.

Epígrafe	Máximo de puntos	Cualificación	x/1	Puntos
f) Plan de execución ambiental	2	Moi mala	0,00	0,00

...

G) AUTOCONTROL DA CALIDADE: “a calidade do epígrafe “Autocontrol da calidade” é moi boa: realízase un estudo detallado do aspecto en cuestión e propóñense medidas de actuación adecuadas, precisas, ben definidas e/ou innovadoras.

Epígrafe	Máximo de puntos	Cualificación	x/1	Puntos
g) Autocontrol de calidade	1	Moi boa	1,00	1,00

...

A mesa de contratación, por unanimidade, asume o contido íntegro, salvo erro ou omisión involuntaria, dando a súa conformidade ás valoracións que contén, quedando a puntuación do contido do **SOBRE B** da seguinte maneira:

Epígrafe	Máximo de puntos	Cualificación	x/1	Puntos
a) Organización xeral	10,00	Boa	0,75	7,50
b) Persoal proposto	15,00	Boa	0,75	11,25
c) Medios mecánicos, vehículos, medios	10,00	Regular	0,50	5,00

auxiliares y maquinaria				
d) Instalacións fixas e infraestruturas	5,00	Moi mala	0,00	0,00
e) Plan social de execución do contrato	2,00	Boa	0,75	1,50
f) Plan de execución ambiental	2,00	Moi mala	0,00	0,00
g) Autocontrol de calidade	1,00	Moi boa	1,00	1,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B				26,25

O punto 8.2.1. do Anexo I do PCAP que rexe esta contratación recolle o seguinte: “Establécese como “umbral mínimo de puntuación” de acordo co previsto no art. 146.3 LCSP, a obtención de 25 puntos de entre os máximos alcanzables segundo xuízos de valor, de tal forma que a empresa que non alcance tal límite será excluída da licitación.”

Neste caso o licitador acada o umbral mínimo de puntuación que estaba previsto segundo recolle a cláusula antedita.

A Mesa de Contratación, unha vez finalizado o acto de valoración do SOBRE B, acorda convocar a seguinte reunión para o martes 20 de xaneiro ás 10:00 para proceder á apertura do SOBRE C que contén a **“OFERTA ECONÓMICA E TÉCNICA AVALIABLE MATEMATICAMENTE”**.

A apertura do SOBRE C realízase ás 11:27 horas do 20 de xaneiro de 2026 e posteriormente valórasen esos criterios aplicando a fórmula correspondente co seguinte resultado:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PREZO POR ANO €	IVA €	PREZO TOTAL POR ANO €	PUNTUACIÓN PREZO	PUNTUACIÓN MELLORAS	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE C
COREGAL PARQUES E XARDÍNS, S. L.	84.000,00	17.640,00	101.640,00	32,88 PUNTOS	20 PUNTOS	52,88 PUNTOS

A puntuación total dos SOBRES B e C é a seguinte:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
COREGAL PARQUES E XARDÍNS, S. L.	26,25	52,88	79,13

Polo exposto anteriormente, a mesa por unanimidade dos membros, na última sesión celebrada **ACORDABA:**

“PRIMEIRO.-Que non procede clasificar por orde decrecente as ofertas presentadas segundo as puntuacións obtidas porque unicamente existe un licitador presentado.

SEGUNDO.-Requirir á licitadora **COREGAL PARQUES E XARDÍNS, S. L. con N.I.F. (B15731797)**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato de servizos **“SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E MELLORA DE PARQUES E XARDÍNS DO CONCELLO DE SILLEDA”**, para que, dentro do prazo de **10 días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na **Cláusula 27 do PCAP**, así como as **pólizas de seguro** recollidas no **punto 20 do Anexo I do PCAP.**”

O 10 de febreiro de 2026, con rexistro de saída nº 2026-S-RE-178 e 2026-S-RE-179, realízase o requirimento da documentación á licitadora **COREGAL PARQUES E XARDÍNS, S. L. con N.I.F. (B15731797)**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación.

O 16 de febreiro de 2026, con rexistro de entrada neste Concello nº 2026-E-RE-217, a licitadora presenta documentación requirida,

A mesa de contratación comproba que a documentación presentada non está completa polo que procede a realizar novo requirimento o 17 de febreiro de 2026, rexistro de saída nº 2026-S-RE-194.

Con data 19 de febreiro de 2026, con rexistro de entrada neste Concello nº 2026-E-RE-241, a licitadora presenta a documentación requirida, polo que a mesa de contratación presta a súa conformidade coa documentación presentada, salvo erro ou omisión involuntaria, e **PROPÓN Ó ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:**

A **ADXUDICACIÓN** do contrato de servizos **“SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E MELLORA DE PARQUES E XARDÍNS DO CONCELLO DE SILLEDA”**, a:

- **COREGAL PARQUES E XARDÍNS, S. L. con N.I.F. (B15731797)**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación.

A presidenta da por rematada a reunión ás 14:18 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura da presidenta, e dou fe.

O Secretario

A Presidenta

Julio Méndez Castro

Paula Mª Fernández Pena”

Visto o informe fase D asinado o 23 de febreiro de 2026.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta da Mesa de Contratación e **ADXUDICAR** á licitadora **COREGAL PARQUES E XARDÍNS, S. L.** con **N.I.F. (B15731797)**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación, o contrato de servizos denominado **“SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E MELLORA DE PARQUES E XARDÍNS DO CONCELLO DE SILLEDA”**, por importe de 101.640,00 €/ano (84.000,00 € mais 17.640 € de IVE), o que fai un total de 304.920,00 € (IVE incluído) polos tres anos da duración do contrato.

Comprometéndose a realización das melloras postestativa recollidas no PCAP sobre:

Mantemento anual do Parque das Pedrosas.

Concepto	Periodicidade	Cantidade
Poda anual selectiva	Unha vez ao ano	10 xornadas
Control de fitopatoloxías	Unha vez ao ano	1 informe
Eliminación de ramas con risco de rotura	Durante todo o ano	-
Retirada de ramas caídas	Durante todo o ano	-
Supervisión do arborado	Durante todo o ano	1 informe
Alugueiro de elevador mecánico	Unha vez ao ano	1 semana
TOTAL ESTIMADO		

SEGUNDO.- A presentación de ofertas por parte das entidades licitadoras implicaba a aceptación expresa da obriga de subrogación do persoal, sendo esta unha condición esencial para a execución do contrato.

TERCEIRO.- Dispor o gasto por importe de 304.920,00 €, (IVE incluído) polos tres anos da duración do contrato.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo, de conformidade co disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017 e a **COREGAL PARQUES E XARDÍNS, S. L.** con **N.I.F. (B15731797)**, adxudicataria do contrato, indicarlle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días. Recordando que, de non telo presentado con anterioridade, deberá concertar un seguro de accidentes debendo presentar xustificación do aboamento da prima do exercicio vixente, xunto coa correspondente póliza previa á formalización do contrato.

QUINTO.- Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Expediente 588/2025. Contratacións. Mellora de camiños municipais en Cira (Concello de Silleda)**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**ANTECEDENTES**

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local acordou a adxudicación do contrato de obras “Mellora de camiños municipais en Cira (Concello de Silleda)” á empresa ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. en data 3 de novembro de 2025

Segundo.- O contrato foi formalizado conforme á normativa vixente, constituíndose a correspondente garantía definitiva en data 10 de novembro de 2025

Terceiro.- Con data 27 de febreiro de 2026, a empresa adxudicataria presenta escrito no que comunica a imposibilidade de executar o contrato por situación sobrevida de insolvencia inminente, solicitando a incoación de expediente de resolución contractual.

Cuarto.- Segundo consta no propio escrito da contratista, a obra non chegou a iniciarse e manifesta a súa imposibilidade de executar o contrato por insolvencia inminente.

Quinto.- Resulta necesario actuar con celeridade, dado o interese público inherente á execución das obras de mellora de camiños municipais, co fin de evitar dilacións que poidan comprometer a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Inciar o expediente de resolución do contrato de obras “Mellora de camiños municipais en Cira (Concello de Silleda)”, adxudicado a ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., á vista da comunicación presentada pola contratista na que manifesta a imposibilidade de executar o contrato.

Expediente 588/2025. Contratacións. Mellora de camiños municipais en Cira (Concello de Silleda)**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**ANTECEDENTES**

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local acordou a adxudicación do contrato de obras “Mellora de camiños municipais en Cira (Concello de Silleda)” á empresa ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., formalizándose o correspondente contrato e constituíndose garantía definitiva en data 3 de Novembro de 2025.

Segundo.- Con data 27 de febreiro de 2026, a empresa contratista presenta escrito comunicando a imposibilidade de executar o contrato por situación sobrevida de insolvencia inminente, solicitando a incoación de expediente de resolución contractual.

Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de Febreiro de 2026, procedeuse á incoación de expediente de resolución contractual, actualmente en tramitación.

Cuarto.- Resulta necesario iniciar un novo proceso de licitación, dado o interese público inherente á execución das obras de mellora de camiños municipais, co fin de evitar dilacións que poidan comprometer a súa execución, existindo crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria correspondente.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Iniciar un novo proceso de licitación das obras de “Mellora de camiños municipais en Cira (Concello de Silleda)”, en atención á imposibilidade de execución por parte da empresa inicialmente adxudicataria.

Segundo.- Manter o mesmo obxecto contractual e condicións técnicas recollidas no proxecto aprobado, así como os criterios de adxudicación e melloras, tendo en conta que a adxudicación de este expediente quedará condicionada á finalización do expediente de resolución.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda